

## ► Regateira rapaza

Arturo Cidrás

Os anos cincuenta do século pasado eran anos onde a fame que galopaba dende a guerra fratricida aínda seguía a dar berros de silencio nas bocas de moitas casas do noso país. E se a ese escenario de penuria se lle engadía unha desgraza dalgún dos piares de sostemento da familia, entón os problemas para a subsistencia chegaban a unha dureza extrema, difícil de imaxinar.

A rolda da sorte que caprichosamente reparte, puxo os seus ollos nunha rapaza de doce anos que se fixo nai de dous irmáns unha noite na que “o pulmón” estaba a percorrer as casas coma unha peste bíblica. Sen nai agora, e sen pai dende que o mar se cobrase o seu tributo hai poucos meses.

A solidariedade fíxo que a aquel corpo fráxil, separado por un mulido, lle puxesen unha cesta de peixe na cabeza que unhas pernas tremementas sacaban da praia para ir baleirándose polos cruzamentos de camiños e canellas a cambio duns patacóns.

Os recordos sempre me levan a un día do mes de novembro onde a cor chumbo do ceo parecía presaxiar cousas incertas. Esa nena-nai estaba chorando con bágoas mudas de desconsolo nun descanso da ladeira que sube á aldea, onde as enxurradas deixan a pedra. A cara de dor e desesperación intercambiábanse a cada impo, o que fíxo que coma puñais de pena espertaran en min unha empatía que

aínda o tempo non borrou. Unha vella, ou tiña que selo, pois só me lembro duns sucos que con saña marcaron o traballo e a vida, achegouse preguntando con voz angustiada que era o que pasaba.

A rapaza respondía coma berrando: Non podo máis! Non podo co peixe! E volvía chorar...

A vella ordenoulle: Ti espera aquí! Non te movas!

Pasados uns minutos eternos comezaron a chegar mulleres de todas as idades. Unhas mercaban un peixe outras un cambo deles e nun curto espazo de tempo a cesta estaba baleira de peixes e de Grazas!


A cara da regateira-rapaza irradiaba felicidade que nos contaxiou a todos, pequenos e grandes.

Baixaba coa cesta cara a praia que parecía que voaba...

Pasou os anos afogando a dor nas bágoas da soidade silenciosa da noite ata que a luz dun amor fundiu as cadeas da áncora e, arrastrada polo vento do norte e a marea, recalou na Praia de Bueu.

... E teño que confesar unha cousa: dende aquela, e sendo rapaz, aforraba uns réas para cando viñan as regateiras, vencendo a timidez, mercarlle unha... pero a máis grande das rinchas!...

Pensando nela e en todas as que tiveron que vender peixe para axudar aos seus...



Regateiras

### Regateira

*Praia que acolles o peixe  
entretecendo patelas  
de fame e fartura  
con mans de muller.*

*Grazas!*

*Por amosar en camiños e rúas  
a suor das ondas da noite  
ti que es mariñeira da terra  
afondando na memoria  
do mar.*



\*Consecuencia da homenaxe ás Regateiras por parte do CIM do Concello de Bueu co gallo do Día Internacional da Muller traballadora